

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	14/06/2021
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:39 horas
Lugar	MULTIUSOS XUNQUEIRA
Presidida por	Digna Rosa Rivas Gómez
Secretario	María Ángeles García Villaverde

Sendo as vinte horas e cinco minutos, de conformidade co Decreto de Alcaldía número 2021-115 de data 08/06/2021, de convocatoria da sesión extraordinaria, reúnen-se no Salón de Actos do edificio do Multiusos da Xunqueira habilitado para este fin, baixo a presidencia da sra. Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos/das seguintes concelleiros e concelleiras:

Polo Grupo municipal Popular Redondela (PP): María Carmen Bastos Rodríguez, María Carmen Amoedo Dasilva, Iván Crespo Rodríguez, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María José Barciela Barros, Erminda Quelle Fernández, David Muiños Portela, Sandra Bastos Míguez e Ángela Antón Pazos.

Polo Grupo municipal Socialista Redondela (PSdeG-PSOE): María Castro Abad, Ignacio Eduardo González Lago, Marta Alonso Domínguez, Vicente Lamas Guisande, Olga María García Ballesteros e Alberto Álvarez Pérez

Polo Grupo municipal Agrupación de Electores de Redondela 2019 (AER): Roberto Villar Rodríguez, Daniel Boullosa Martínez e Xosé Manuel Vila Soutullo

Polo Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego Redondela (BNG): Xoán Carlos González Campo e Yésica García Cruz

Asiste tamén o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera e, actuando como secretaria eu mesma, M^a Ángeles García Villaverde como secretaria xeral do Concello.





CONCELLO DE REDONDELA

Unha vez verificada a válida constitución do órgano, a Alcaldesa abre a sesión, procedéndose á deliberación sobre os asuntos **incluídos na orde do día**:

A) Parte resolutiva

- 1. Aprobación, con carácter excepcional e por razóns de interese público, da continuidade do contrato do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela (Expediente 718/2021)**

INCIDENCIAS A alcaldesa, con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, solicita que se garde un minuto de silencio para lembrar sempre ás vítimas da violencia machista e neste momento polo asasinato de estas dúas nenas, Anna e Olivia, e tamén extensible a eses 41 nenos e nenas asasinadas pola violencia vicaria e ás 1096 mulleres asasinadas pola violencia machista dende que temos rexistro, dende 2003. Fai extensible a toda á cidadanía o rexeitamento da violencia machista e a violencia vicaria utilizada para facer dano ás mulleres da maneira máis vil e cruel posible.

A) PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, con carácter excepcional e por razóns de interese público, da continuidade do contrato do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela (Expediente 718/2021)**

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e; Patrimonio de data 08/06/2021:

"En data 01.12.2016 procedeuse á formalización do contrato do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, ditándose acordo de adxudicación polo Pleno en sesión celebrada o 9 de novembro de 2016, á empresa Valoriza Facilities SAU.

Este contrato tiña unha duración inicial de 4 anos, estando previsto na cláusula quinta do PCAP a posibilidade de prórroga por 2 anos. Consta acta de inicio da prestación do servizo asinada a 30.12.2016. Finalizando por tanto o prazo de duración inicial establecido no prego de cláusulas administrativas particulares o 30 de

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 39WTADLKV3NPF5AS6NSMXTFHH | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

decembro de 2020.

En data 04.02.2020 con número de rexistro de entrada 1123 a empresa adxudicataria manifestou mediante escrito a súa non disposición a acordar de mutuo acordo unha prórroga do contrato, debido á rotura ao seu parecer do equilibrio económico do contrato así como á publicación o 28 de agosto de 2019 dun novo convenio colectivo para o período 2018-20 con eficacia retroactiva. Dito escrito foi reiterado a 06.10.2020 con número de rexistro de entrada 3439.

Mediante acordo plenario de data 26 de novembro de 2020 e, en función da cláusula quinta de dito prego o órgano de contratación acordou a extinción do contrato do servizo de limpeza polo vencemento do seu prazo de vixencia o 30 de decembro de 2020. Se ben se establecía na mesma cláusula do PCPA a imposibilidade de interromper o servizo, incluso pasada a finalización do prazo inicial de duración do 30 de decembro de 2020. Estando obrigada a empresa adxudicataria a continuar coas prestacións obxecto do contrato nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación ou, en todo caso cun límite de 6 meses.

Este acordo se comunicou á empresa contratista que, a día de hoxe segue a prestar o servizo nas mesmas condicións.

A 22.04.2021 a Concellería de Seguridade e Interior ditou proposta ao Pleno para acordar o inicio do expediente para a contratación, polo trámite ordinario e procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do servizo de limpeza dos edificios municipais do Concello de Redondela, aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como o expediente de contratación e o gasto correspondente e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

Dita proposta foi ditaminada na Comisión Informativa de Interior, Transición Enerxética e Patrimonio celebrada o 26.04.2021, e tratada na sesión plenaria ordinaria de 29.04.2021, na que por unanimidade dos grupos municipais no seu acordo, se determinou deixar o asunto sobre a mesa para un mellor estudo da documentación do expediente de contratación e da análise da posibilidade de reinternalización do servizo.

Por esta Concellería se ditou a 14.05.2021 providencia de inicio dos trámites para a adopción polo órgano de contratación competente de acordo para a continuidade do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela.

O mesmo día 14 se emitiu pola Secretaría municipal o informe nº 62 relativo á legalidade da aprobación do expediente de contratación do servizo e o acordo de continuidade do mesmo.

Tras a emisión de dito informe, esta Concellería emitiu proposta de acordo da continuidade do servizo con carácter excepcional e por razóns de interese público, na que se xustificaba a urxencia no mantemento do servizo de limpeza e cuxos

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 39WTADLKV3NF5SAS6NSMXTFHH | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

argumentos se dan por reiterados neste momento. Dita proposta se completou con outra na que se abordaba de forma conxunta a aprobación do expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas así como o gasto e o acordo de continuidade do servizo a cal se someteu a ditame da correspondente Comisión Informativa.

Esta última proposta foi ditaminada na Comisión Informativa de Interior celebrada o 19.05.2021.

Na sesión ordinaria do pleno celebrada o 27 de maio de 2021 a anterior proposta ditaminada foi rexeitada pola maioría dos concelleiros e concelleiras asistentes.

Deste modo, tendo en conta a non aprobación do expediente de contratación e reiterando a urxencia na contratación do servizo de limpeza dos edificios municipais e, dados os prazos previstos para o vencemento do prazo de prórroga previsto na cláusula 5ª do PCPA, finalizando o prazo de 6 meses o 30 de xuño de 2021 ao que se acolleu o órgano de contratación mediante a adopción do acordo plenario de 26.11.2020 e, considerando que o procedemento de licitación e adxudicación do novo contrato aínda está sen resolver, polo que se acorda o seguinte DITAME:

Primeiro.- Acordar, con carácter excepcional e por razóns de interese público, a continuidade do CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA EN EDIFICIOS, DEPENDENCIAS E ESPAZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE REDONDELA formalizado o día 01.12.2016 entre o Concello de Redondela e a empresa Valoriza Facilities SAU con CIF A83709873 (agora SACYR SOCIAL S.L (CIF B-85621159) , para que esta entidade continúe prestando este servizo, con suxeición ao prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexeu a licitación e a oferta proposta pola empresa adxudicataria, polo tempo imprescindible e ata que se proceda a formalización e o inicio da prestación do servizo coa nova empresa adxudicataria.

Segundo.- Notificar aos interesados o acordo de continuidade do contrato de xestión de servizo público para a prestación do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do concello de Redondela.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á empresa contratista, SACYR SOCIAL S.L (CIF B-85621159)."

INTERVENCIÓNS

A sra. García Ballesteros le a proposta.

Di que é a terceira vez que imos falar nun pleno do contrato da limpeza, neste caso o acordo de continuidade da empresa que ata o de agora está a levar a cabo o servizo. No pleno anterior levouse este punto xunto cos novos pregos por coherencia e por





CONCELLO DE REDONDELA

responsabilidade e agora temos que levalo por separado xa que están en risco os traballos de máis de corenta traballadores e traballadoras, o mesmo que a limpeza dos edificios municipais, máis se cabe nestes tempos de pandemia.

O sr. González dende o BNG súmase ás declaracións da sra. Alcaldesa, que fala por todos e todas, e recorda que o minuto de silencio últimamente se estaba facendo tamén polas vítimas da pandemia.

Sorpréndese porque pensaba que este ía ser un pleno con debate, que se ía buscar o consenso pero reitera a irresponsabilidade manifesta do PSOE traendo no mesmo punto dous acordos, chantaxeando aos grupos da oposición, traendo por unha parte a aprobación do expediente de contratación e por outra parte o acordo de continuidade do vixente contrato. O BNG está disposto a falar, pero ceder a chantaxes. Rexeita o dito pola voceira do PSOE de que se trouxo por responsabilidade e que non se debe utilizar ás traballadoras para forzar o acordo do resto dos grupos.

Este problema o iniciaron o PSOE e o grupo de goberno coa complicidade do PP, que trouxeron ao pleno de novembro a proposta da empresa de rematar o contrato vixente porque non lle era rendible. Os tres grupos PP, PSOE e AER acordaron rematar o contrato vixente.

En abril tróuxose a proposta de contratación dunha nova empresa, que quedou sobre a mesa para un estudo de remunicipalización e no mes de maio volveuse traer. Agora hai que convocar un pleno extraordinario pola súa irresponsabilidade de traer este acordo sen negociar cos grupos da oposición para vir cos votos suficientes, e agora hai que traelo de novo, cando nós estabamos dispostos a negociar as bases e, dada a situación actual, a que esta continuidade fora para adiante.

Ademais desta irresponsabilidade e chantaxe do equipo de goberno hai que analizar a postura do PP, que apoiou o acordo en novembro e non lle interesou a situación das traballadoras. En todos os debates fixo referencia unicamente ao tema da remunicipalización e non lle interesou a situación laboral das traballadoras do servizo de limpeza. O BNG sempre denunciou que había contratos en precario. O PP non da alternativa nin opción e despois vai aos medios de comunicación a dar as explicacións de votar en contra que non deu no pleno. O BNG di que vai a actuar con responsabilidade en pro dos intereses do Concello de Redondela e das traballadoras.

O sr. Villar, di que xa é un tema recorrente, van catro plenos. En canto á "chantaxe" é unha cuestión máis política que real, porque chantaxe non houbo. Dalle a razón ao voceiro do BNG de que este punto se truxo con pouco traballo, porque cando un goberno non ten maoría absoluta ten que falar e negociar.

Recoñece que o BNG estivo aberto ao diálogo, falouse de varias situacións posibles

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 39WTADLKV3NPF5AS6NSMXTFHH | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

para solucionar esta situación. Están en perigo os postos de traballo pero tamén a limpeza dos edificios do Concello, co problema que acarrearía.

Nestes momentos vaise apoiar unha continuidade dun contrato, que é un contrato lesivo para o Concello porque non ten as circunstancias claras nas penalidades, nas fórmulas para presionar e sancionar cando non fan as cousas que tiñan que facer. Houbo cousas que aínda comezaron a facer agora, a base de presionar. Fixéronse propostas dunha posible de reinternalización de parte do servizo, houbo quen o leu e estudou e dixo que non e houbo quen pasou de todo e limitouse ao seu xogo mediático como, o PP.

Hai que aprobalo por responsabilidade e agradeceríalle aos grupos da oposición que lle deran para adiante a esta proposta.

A sra. Amoedo di que se suman á condolencia, botan en falta o minuto de silencio diante do Concello porque é importante visualizar a nosa repulsa ante a cidadanía porque estamos ante un problema gravísimo sen xustificación. Asasinar a estas dúas nenas, esta é unha semana complicada para todo o mundo porque é moi difícil comprender que alguén poida facer algo así.

En relación ao punto, di que querer facer responsable á oposición da incapacidade da sra. Alcaldesa de negociar un acordo deste tipo coa oposición. Di que estamos así a 16 días do remate do prazo que eles mesmos se impuxeron no pleno de novembro. Ensina a acta do pleno de novembro, ao sr. González dille que se aprobou o acordo con 10 votos a favor, do PSOE e AER.

Esta proposta de rematar o contrato coa empresa que estaba e que van obrigar a voltar a que continúe co servizo, xa lle advertimos entón que non lle ía dar tempo. Si fixemos propostas, nós sentámonos antes do anterior pleno e advertímoslle de que non íamos aceptar chantaxes. Por culpa da prepotencia política da sra. Alcaldesa, que a ten como unha virtude, de creerse que ten o poder de aprobar todo o que quere sen falar coa oposición, estando en minoría. Ao sr. Villar dille se xa non recorda cando estaba na oposición, sabe que hai que esforzarse e traballar e facer propostas, vostedes as fan a unha folla por dúas caras e non soubemos máis de vostedes, e vostedes son os que teñen que propoñer.

Tráese por cuarta vez esta proposta polo risco dos postos de traballo, e antes xa estaban en risco en abril, en maio... o que antes non e agora si?. Preguntelle na comisión qué ían facer co seguinte prego e non quere o dicir. Está claro que algo están facendo pola caladiña, porque non convocan xunta de voceiros nin levaron á comisión ese prego para falar nin achegar sobre el. Ou teñen pensado obrigar a empresa ata 2023?. Veñen con ínfulas de "imos cambialo todo" e non cambian nada, nin vostedes nin o PSOE, e o BNG é o cómplice que necesitan.





CONCELLO DE REDONDELA

A sra. García Ballesteros, di que non entende aos dous partidos no tema da chantaxe, pensamos que non ten cabida unha cousa sen a outra, lemos os informes dos técnicos e seguimos a súa recomendación, con total responsabilidade. Unha cousa, sen a outra non ten cabida, e proba diso agora temos que votalo por separado

Continúa dicindo que ata en dúas ocasións levamos os pregos de limpeza e mantivemos varias reunións para chegar a un acordo pero non serviron as negociacións. Queren negociar pero non lles valen as nosas propostas. Lémbbralles aos concelleiros e concelleiras do PP que este mesmo contrato, coa diferenza das melloras dos locais, da limpeza de praias..., o levaron no ano 2016 e dixo no pleno que "era unha irresponsabilidade deixar ese contrato enriba da mesa polo importante que era", que "había un informe técnico que deixaba ben claro que o contrato estaba ben" e que "de non ser así, ou de querer a remunicipalización habería que propoñelo en melloras e analízalo na comisión correspondente". Non entende agora a postura do PP tan diferente á do 2016.

Pregúntase por qué ata en tres comisións mantidas sobre este contrato, o PP non achegou nin unha proposta. Non ten constancia. E di a sra. Amoedo que o tema da remunicipalización é unha chantaxe. Non para de dicir que está para apoiar, nunha das reunións dixo que estaba de acordo pero que necesitaba un cronograma, e agora volve para atrás, non quere nin a remunicipalización nin apoiar a privatización, votando en contra do novo contrato, onde están plasmadas as mesmas características do que vostedes propuxeron hai catro anos. Votan en contra porque queren facer unha política de descalificación para parar a nosa xestión. Non nos van parar. Aos que paran é a veciñanza de Redondela, ese é o interese que teñen vostedes neles, e iso que o seu lema na campaña foi "Ante todo Redondela". O único que lle vale é facer dano a este goberno, que está a traballar no bo camiño, pero non o poden aceptar. Á súa oposición é de boicotear o traballo deste equipo de goberno, que tan duro está a traballar para sacar adiante todo o que vostedes deixaron sen facer. Lémbrolle que nos oito anos que gobernaron, no PSOE sempre fomos responsables á hora de tomar decisións que afectaban á veciñanza de Redondela en todos os temas importantes que había que sacar adiante por responsabilidade, sen que nunca se sentaran con nós para negociar, tanto que agora nos achacan que nós non negociamos. Son uns irresponsables e teñen a pouca vergonza de saír nunha nota de prensa dicindo barbaridades.

O sr. González di que non sabe qué calificativo se lle daría dende AER cando a unha organización política se lle da unha proposta e "ou o tomas ou o deixas". Houbo negociación sobre a remunicipalización pero non sobre o prego.

Un goberno en minoría ten que elixir os seus apoios. Diríxese á Alcaldesa sobre se queren negociar co BNG ou co PP, teñen que elixir, e non chegar a unha comisión a ver qué pasa. A comisión é para informar, non para negociar propostas nin ceder a chantaxes. Xa puxeramos enriba da mesa que non estabamos de acordo con esas bases. Están dispostos a falar pero que se puntúe un 15% as horas extras que se van facer a maiores e outros puntos sobre os que se podería ter falado. Pero insistir en que o prego está vinculado coa continuidade do servizo non é certo. Poderíanse

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 39WTADLKV3NFP5AS6NSMXTFHH | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



CONCELLO DE REDONDELA

negociar as cousas por separado. Eles xa o preguntaran na comisión do mes de maio se se ían levar as dúas cuestións no mesmo acordo, porque lle parece unha iniciativa irresponsable.

Recórdalle ao PP que grazas unha abtención adquiriron a alcaldía en Redondela, e agora a abstención non lles serve para poder apoiar o prego. Non houbo nunca propostas do PP, só están para botarlle ao equipo de goberno o que non están facendo. E é o grupo máis votado en Redondela, tiñan que ter "trillado" este prego e unhas propostas beneficiosas para a cidadanía. E recorda que o PP nunca negociou do BNG, que estamos nas antípodas. Recórdalle ao PSOE que elixan con quen queren negociar, e o discurso da voceira do PSOE foi dirixido ao PP.

O sr. Villar di que dende a agrupación suscribimos o que di o BNG, que esto se fixo mal dende o principio. Pero di que non foi unha chantaxe simplemente que se intentou xogar a quiniela e fallou, ao seu entender.

Falábases que o PP gobernou cunha abstención iso non é certo. Nos plenos de investidura non existe a abstención, cada un vota ao seu candidato, eles votaron no seu día por Jorge Varela Couñago, no segundo por Ricardo, no terceiro por Susana. É un ruxe-ruxe que anda por aí.

Dille á sra. Amoedo que vostede busca medallas por todos lados, tivemos unha xuntanza e estaba claro que ían sacar unha nota de prensa. Imos á comisión e ao día seguinte nota de prensa de que o PP vai salvar os postos das traballadoras neste pleno. As medallas do PP, fágase o que se faga: medalla do emprego, para o PP, medalla da ecoloxía para o PP, medalla da arquitectura e ingeniería para o PP, medalla da AP9 para o PP, medalla de Vitrasa, para o PP... Fáltalle a de AUCOSA, a ver si a gañan.

Vostedes tamén poden facer propostas, e o goberno tamén. Propostas diarias de mellora, que se fan vindo ao Concello e de vez en cando ás comisións, e non estando na casifa.

E agora vai votar a favor para facer o que dixo na prensa e gañar a medalla.

A sra. Amoedo, dille ao Sr. Villar que lle encanta o espectáculo, pero a cidadanía xa non lle compra o espectáculo, xa saben que son iguais ao BNG e o PSOE, entraron na mesma dinámica. Non sabe se a assemblea non é coñecedora de cómo como levan o goberno ou non hai assemblea, non entendo cómo vostedes non son concelleiros escindidos de AER.

Esquecéronse dos seus principios, a Alcaldesa é incapaz de recoñecer a súa incapacidade para levar un equipo de goberno de dez, con dous voluntarios a





CONCELLO DE REDONDELA

maiores que son os concelleiros do BNG, dous redondeláns que prefiren mirar para outro lado mentres este goberno leva á deriva a Redondela. O resumo é que o BNG e AER son exactamente o polo menos dende o 2019, incumprindo os seus acordos, contratos vencidos xa vencidos e seguimos esperando: piscina de Redondela, contrato de avogado/a, contrato de servizos básicos da auga, servizo axuda a domicilio que aínda non tivemos unha proposta enriba da mesa, seguen esperando para reunirse. En dous anos nin unha soa remunicipalización, nin sequera traballaron no tema. Qué rápido colleron as mañas do PSOE e BNG. Non lle extraña porque o BNG durante moitos anos foron a man dereita do PSOE en privatización e consentidores de que o noso concello chegase no 2011 ao máximo de endeudamento e con facturas no caixón por valor de máis de dous millóns de euros. Repítese a historia, PSOE vai ser xunto o BNG e AER son os que van a levar ao Concello á deriva. Daríalle vergoña cando os tres sindicatos están de acordo na falta de transparencia dun goberno que se di de esquerdas. A sra. García di que o prego é o mesmo de antes, para qué estades vostedes aquí? Seguen na mesma dinámica.

A sra. García Ballesteros, dille ao voceiro do BNG que na súa primeira intervención dalle a responsabilidade ao PP, porque vostedes levan 10 anos defendendo a remunicipalización e en contra dos contratos, por iso non os mencionou, foron coherentes coas súas ideas sobre o contrato da limpeza. Dille que se di que non están facendo un estudo para a remunicipalización, o que lle ensinamos o outro día qué foron? folios en branco?. Pois non, estamos a traballar.

Considera que hai que votar a favor da continuidade da empresa, por responsabilidade. E que debemos traballar en conxunto para o ben común da veciñanza. Vai sacar o contrato de limpeza adiante cos procedementos administrativos correspondentes.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, é aprobado por unanimidade dos concelleiros e das concelleiras asistentes, sendo vinte e un votos (21) a favor, dos cales corresponden 9 ao PP, 7 ao PSdeG-PSOE, 3 a AER e 2 ao BNG:

E non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 20:39 h, a Alcaldesa dá por finalizada a sesión, da que eu, secretaria deste órgano, dou fe, e para a súa constancia estendo a presente acta.

Documento datado e asinado electrónicamente na marxe

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 39WTADLKV3NF5SAS6NSMXTFHH | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión pública | Páxina 9 a 9